



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

PROVIDENCIA DA ALCALDÍA

Pola Resolución desta Alcaldía núm. 75/2023, do 26/02/2024, acordouse participar no Plan Marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcela agrícolas 2023-2024, incluíndo a obra denominada "MELLORA DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE CERQUEDA E LEILOIO: ACTUACIÓN 1ª.- PISTA DE POZACAS; ACTUACIÓN 2ª.- PISTA DE PEDROSA".

O citado Plan regulase na Resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), do 19 de decembro de 2023, pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento MR701E), DOG núm. 18 do 25/01/2024.

Con data 07/05/2024 (RXE núm. 20240000001764) recíbese a Resolución da concesión da axuda solicitada, polo que é preciso realizar os trámites necesarios que permitan executar a actuación subvencionada.

Considerando que se ten xustificado a necesidade do presente contrato, art. 28 da LCSP, e os extremos esixidos polo art. 116.4 da citada norma, en sendos documentos asinados/subscritos por esta Alcaldía.

Considerando o establecido na citada Resolución de AGADER, así como o disposto nos arts. 116, 131, 156 e 159 e seguintes LCSP é polo que DISPOÑO:

Primeiro.- Incorporar ao expediente de contratación a "memoria" subscrita por esta Alcaldía na que se xustifica a necesidade deste contrato, arts. 28 e 116 da LCSP.

Incorporar ao expediente de contratación o documento subscrito por esta Alcaldía no que se xustifican os extremos esixidos polo art. 116.4 da LCSP.

Segundo.- Iniciar de conformidade co previsto nos arts. 116, 131, 145 e 159 da LCSP, o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplifícadísimo (art. 159.6 da LCSP) con varios criterios de valoración (mediante la aplicación de fórmulas: prezo e porcentaxe de mulleres en relación coa plantilla global da empresa), tramitación ordinaria, para a adxudicación da obra a que se refire o proxecto denominado "MELLORA DOS CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE CERQUEDA E LEILOIO: ACTUACIÓN 1ª.- PISTA DE POZACAS; ACTUACIÓN 2ª.- PISTA DE PEDROSA", segundo o proxecto técnico redactado polo arquitecto, D. Gonzalo García Martínez (ARQUB27 ESTUDIO), e cuxo orzamento base de licitación é de 73.791,20 € (60.984,46 € base impositible + 12.806,74 € de 21% de IVE) e valor estimado do contrato de 60.984,46 €.

Terceiro.- Que se incorpore ao expediente o preceptivo certificado de existencia de crédito.

Cuarto.- Que se incorpore ao expediente o prego de cláusulas administrativas particulares que haberá de rexer a contratación.

Quinto.- Que a secretaría e a intervención municipal emitan os correspondentes informes preceptivos esixidos pola LCSP.

Sexto.- Evacuados os trámites anteriores déseme conta.

Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

O alcalde,
Asdo.: Eduardo J. Parga Veiga